

| Código  | Medida  | Ud. | Prima € |
|---|---|-----|---------|
| 6.1.3   | Sementado posterior á roza (adicional á prima base)                                 | ha  | 44      |
| 6.2   | Prima complementaria de pastoreo con razas autóctonas: (adicional á prima base)     | ha  | 14      |
| 6.3.1   | Prima complementaria por redución de gando bovino (adicional á prima base)          | ha  | 180     |
| 6.3.2   | Prima complementaria por redución de gando bovino e cabrún (adicional á prima base) | ha  | 63      |
| 6.4   | Sistemas extensivos en vacún de leite e ceba  | ha  | 112     |
| 6.5   | Utilización sistemas de pastoreo en vacún de leite e ceba                           | ha  | 218     |
| <b>II. Premios unitarios máximos na medida de benestar animal</b> |   |     |         |
| 1   | <b>Aves de curral</b>   | UGM | 58,33   |
|   | Axuda máxima por explotación  |     | 2.500   |
| 2   | <b>Explotacións de porcino</b>  |     |         |
| 2.1   | Porcas nai  | UGM | 70      |
| 2.2   | Porcos de ceba  | UGM | 135,14  |
|   | Axuda máxima por explotación  |     | 2.500   |

*Orde do 18 de abril de 2008 pola que se establecen as bases que regulan a concesión das axudas destinadas ao fomento en Galicia de sistemas de produción das razas gandeiras autóctonas en réximes extensivos, e se convocan para 2008.*

A reforma da Política Agrícola Común da Unión Europea aposta por unha produción agraria máis acorde co medio natural e a utilización dos seus recursos, determinando cambios substanciais no tradicional desenvolvemento das áreas rurais e as formas de xestión empresarial da explotación agrícola e gandeira. Por outra banda, o consumidor demanda cada vez máis alimentos de calidade contrastada.

Todos estes cambios tradúcense a nivel administrativo, en esforzos encamiñados á aplicación de novos criterios como a mellora racial do gando mediante o fomento das razas autóctonas e os sistemas extensivos de produción baixo parámetros de respecto ao contorno natural e ao benestar animal.

A produción gandeira baseada na alimentación dos animais con recursos naturais propios é fundamental no desenvolvemento sustentable da actividade agraria, ademais de desempeñar un papel fundamental na conservación de ecosistemas e pasteiros. Hoxe en día, debemos destacar tamén a importancia da produción coas nosas razas autóctonas, xa que supoñen unha fonte de incalculable riqueza desde diversos puntos de vista, tanto económicos, como sociais e ambientais.

Trátase tamén dunha ferramenta útil para a fixación da poboación no medio rural, e incrementa a calidade, a competitividade e o valor engadido dos produtos.

Neste senso adquire unha especial relevancia para Galicia o aproveitamento e roza de monte e pasteiros, a utilización de razas autóctonas galegas adaptadas ao noso medio físico e a incorporación de agricultores novos ao medio rural, aspectos que se terán en conta nos criterios de adxudicación

Por este motivo establécense axudas dirixidas aos titulares de explotacións gandeiras de razas autóctonas galegas, que desenvolvan actuacións destinadas á produción baseada nos recursos naturais dispoñibles.

As actividades subvencionadas por esta orde enmárcanse no establecido no Real decreto 1724/2007, do 21 de decembro, polo que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento de sistemas de produción de razas gandeiras autóctonas en réximes extensivos.

En consecuencia, e de acordo co previsto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confiren os artigos 7 e 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as competencias que me confiren a Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e a Lei 1/1983 reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

#### *DISPOÑO:*

##### *Artigo 1º.-Obxecto da orde.*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras das axudas, en réxime de concorrencia competitiva encamiñadas ao fomento de sistemas de produción de razas gandeiras autóctonas en extensivo compatibles cos recursos naturais dispoñibles, a través da súa utilización racional, co fin da obtención de produtos de calidade e do incremento do gando galego.

2. As bases reguladoras publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web oficial da Consellería do Medio Rural.

3. Así mesmo, por medio desta orde convócase a devandita axuda en réxime de concorrencia competitiva, para o ano 2008.

##### *Artigo 2º.-Obxecto da axuda.*

Esta axuda pretende fomentar modos de produción gandeira ligados á terra e ao emprego de razas autóctonas mediante o establecemento de axudas ás

explotacións que contén con base territorial suficiente, subscriban un compromiso coas administracións públicas que asegure a súa reorientación cara ás ditas formas de produción e cumpran os requisitos previstos nesta disposición.

### Artigo 3º.-*Definicións.*

1. Explotación: calquera instalación, construción ou, no caso da cría ao aire libre, calquera lugar en que se teñan, críen ou manexen ou se expoñan ao público animais de produción, tal e como se definen no artigo 3.2º da Lei 8/2003, do 24 de abril, con ou sen fins lucrativos. Para estes efectos, entenderanse incluídos os núcleos zoolóxicos, os matadoiros e outros lugares en que se realice o sacrificio de animais, os centros en que se leven a cabo espectáculos taurinos, as instalacións dos operadores comerciais e os centros de concentración.

2. Agricultor a título principal: o agricultor profesional que obteña, polo menos, o 50% da súa renda total da actividade agraria exercida na súa explotación e cuxo tempo de traballo dedicado a actividades non relacionadas coa explotación sexa inferior á metade do seu tempo de traballo total.

3. Agricultor profesional: a persoa física titular dunha explotación agrícola, gandeira ou forestal, que requira un volume de emprego de, polo menos, unha unidade de traballo anual e que obteña, polo menos, o 25 % da súa renda de actividades agrarias.

Para estes efectos consideraranse actividades complementarias a participación e presenza do titular, como consecuencia de elección pública, en institucións de carácter representativo, así como en órganos de representación de carácter sindical, cooperativo ou profesional, sempre que estes estean vinculados ao sector agrario, as de transformación dos produtos da súa explotación e as relacionadas coa conservación do espazo natural e protección do ambiente, do mesmo xeito que as turísticas, cinexéticas e artesanais realizadas na súa explotación.

4. Agricultor novo: a persoa que teña cumpridos os dezaioito anos e non teña cumpridos corenta anos e exerza ou pretenda exercer a actividade agraria.

5. Unidade de traballo agrario: o traballo efectuado por unha persoa dedicada a tempo completo durante un ano á actividade agraria.

6. Actividade agraria: o conxunto de traballos que se require para a obtención de produtos agrícolas, gandeiros e forestais.

Así mesmo, para os efectos desta orde e das disposicións correspondentes á adscrición ao réxime especial agrario da Seguridade Social, considerarase como actividade agraria a venda directa por parte do agricultor da produción propia sen transformación, dentro dos elementos que integren a explotación, en mercados municipais ou en lugares que non sexan establecementos comerciais permanentes.

7. Sistema de produción de calidade diferenciada agroalimentaria:

Serán aqueles aplicados polas persoas físicas ou xurídicas, cuxas formas de producir estean definidas no Regulamento (CE) nº 509/2006 do Consello, do 20 de marzo de 2006, sobre especialidades tradicionais garantidas dos produtos agrícolas e alimenticios, o Regulamento (CE) nº 510/2006, do 20 de marzo de 2006, sobre a protección das indicacións xeográficas protexidas e das denominacións de orixe protexidas dos produtos agrícolas e alimenticios, o Regulamento (CE) nº 834/2007 do Consello, do 28 de xuño de 2007, sobre a produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos e polo que se derroga o Regulamento (CEE) nº 2092/91, e nas normativas sobre produción gandeira integrada. Tamén terán esta consideración os sistemas de etiquetaxe facultativa establecidos pola lexislación comunitaria ou nacional.

8. Raza autóctona española: aquela raza clasificada como tal de acordo co Real decreto 1682/1997, do 7 de novembro, polo que se actualiza o Catálogo Oficial de Razas de Gando de España.

### Artigo 4º.-*Beneficiarios.*

Poderán acollerse a estas axudas as persoas físicas ou xurídicas, titulares de explotacións gandeiras, rexistradas na Comunidade Autónoma de Galicia, conforme o disposto no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o rexistro xeral de explotacións gandeiras. Será requisito imprescindible, para a concesión destas subvencións o cumprimento por parte do beneficiario dos seguintes requisitos:

a) Aplicar nas súas explotacións un sistema de xestión que teña en conta as funcións produtivas, ambientais e sociais da gandería, así como o benestar dos animais, de acordo co establecido no anexo I.

b) Cumprir coas guías de prácticas correctas de hixiene establecidas para cada sector produtor gandeiro no ámbito comunitario, tal e como establece o Regulamento (CE) nº 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal. Na súa ausencia, serán de aplicación as guías de prácticas correctas de hixiene nacionais fomentadas polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

c) Estar ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

d) Presentar un plan de explotación que incluíra como mínimo o previsto no artigo 7.2º i) e j) e resultado xustificativo da súa viabilidade económica.

e) Contar con gando reprodutor pertencente a razas autóctonas e dispor de superficie territorial suficiente xeradora dos recursos necesarios para a produción gandeira a que se destina.

f) Así mesmo, os titulares das explotacións deberán comprometerse formalmente a cumprir os requisitos anteriores, durante un período de cinco anos.

Artigo 5º.-*Actividades subvencionables.*

1. Poderán ser obxecto de subvención as explotacións gandeiras que contén con animais reprodutores pertencentes a razas autóctonas e estean orientadas á consecución dunha produción gandeira que:

a) Tenda á conservación e mellora do ambiente e do contorno natural.

b) Contribúa á conservación e mellora da raza gandeira autóctona explotada.

c) Se realice en adecuadas condicións de hixiene e benestar animal.

d) Garanta unha sanidade animal adecuada e unha alimentación do gando fundamentada en recursos naturais.

2. O cumprimento da lexislación básica en materia de ambiente, sanidade, benestar e identificación animal non será en ningún caso subvencionable.

3. As axudas concederanse a actividades realizadas durante todo o exercicio orzamentario correspondente.

Artigo 6º.-*Contía das axudas.*

Serán de 100 euros por UGM de animal reproductor recoñecido como pertencente ás razas autóctonas de fomento e de 130 euros por UGM de animal reproductor recoñecido como pertencente ás razas autóctonas de protección especial, non podendo ser superior a 6.000 euros por explotación gandeira. Non obstante, se ademais a explotación gandeira está incluída nun sistema de calidade diferenciada agroalimentaria, poderá incrementarse ata nun 20 por cento as contías anteriores.

Cada beneficiario poderá percibir estas axudas durante un período máximo de cinco exercicios anuais consecutivos, logo da presentación anual da renovación do compromiso establecido no artigo 7.2º ante o mesmo órgano con que se estableceu.

Artigo 7º.-*Solicitudes e prazo de presentación.*

1. As solicitudes presentaranse nos rexistros dos órganos dependentes da Consellería do Medio Rural. Así mesmo, poderán presentarse nos rexistros de calquera órgano administrativo que pertenza á Administración xeral do Estado, a calquera Administración das comunidades autónomas ou a algunha das entidades que integran a Administración local se, neste último caso, se subscribiu o oportuno convenio, ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de envío por correo, farase de acordo co regulamentariamente previsto no artigo 31 do Real decreto 1829/1999, do 3 de decembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regula a prestación dos servizos postais, en desenvolvemento do establecido na Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal

universal e de liberalización dos servizos postais, que se presentará en sobre aberto, co obxecto de que na cabeceira da primeira folla do documento que se queira enviar se faga constar, con claridade, o nome da oficina e a data, o lugar, a hora e minuto da súa admisión.

2. Á solicitude, segundo o modelo do anexo II, xuntaráse a documentación que a seguir se relaciona:

a) Acreditación da personalidade xurídica da entidade solicitante e os seus estatutos, se é o caso.

b) Acreditación da representatividade do solicitante, se é o caso.

c) Fotocopia cotexada do número ou código de identificación fiscal.

d) Certificado orixinal da entidade financeira sobre a titularidade da conta en que se solicita o ingreso do importe da axuda.

e) Certificación dos animais inscritos no libro xenealóxico e, no seu defecto, dos animais recoñecidos e certificados como pertencentes ao patrón racial emitida pola *Asociación do Libro Xenealóxico* correspondente á raza dos animais subvencionados.

f) Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como doutros ingresos ou recursos que financien o proxecto, mediante o modelo de declaración que figura no anexo III.

g) Declaración de superficie da campaña PAC 2008-2009.

h) Declaración de cumprimento dos requisitos descritos no artigo 5º desta orde e o compromiso de cumprimento deles durante 5 anos dos requisitos, conforme o anexo III.

i) Memoria descritiva da explotación que inclúa relación das instalacións, aloxamentos gandeiros, número e tipo de animais e superficie dispoñible para os animais. Así mesmo, especificaranse os recursos humanos de que dispón a explotación gandeira mediante a valorización en UTH, así como calquera outra información referente aos criterios de valoración establecidos no artigo 9º.

j) Programa de xestión da explotación, en que se especifiquen os seguintes ámbitos, para os efectos de verificación dos requisitos establecidos no anexo I:

1º Ambiente.

2º Benestar dos animais.

3º Hixiene da explotación, incluíndo a xestión dos subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano e os residuos.

4º Alimentación dos animais.

5º Sanidade animal.

6º Produción e manexo, incluíndo a cría e reprodución.

3. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nesta convocatoria requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixese, se considerará que desistiu na súa petición, logo da correspondente resolución.

Artigo 8º.-*Autorización*.

1. Para os efectos do previsto no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de concesión da subvención comportará a autorización do solicitante para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.

2. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos, todo isto consonte o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, pola que se regula a protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos

dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

Artigo 9º.-*Criterios de adxudicación*.

1. Para a concesión das axudas previstas, as solicitudes avaliaranse de acordo cos seguintes criterios de valoración:

a) Explotacións con animais reprodutores pertencentes a razas autóctonas de protección especial en porcentaxe igual ou superior ao 50 por cento do total de reprodutores da explotación, 4 puntos.

b) Explotacións con animais reprodutores pertencentes ao resto de razas autóctonas en porcentaxe igual ou superior ao 50 por cento do total de reprodutores da explotación, 3 puntos.

c) Explotacións gandeiras con menos de 50 UGM de gando por UTH, 3 puntos.

d) Explotacións que aproveiten o monte e asuman o compromiso de realizar a roza mecánica de 0,1 ha/UGM e ano da terra ligada á explotación e utilízala mediante pastoreo, así como o de alcanzar as 0,5 ha/UGM rozadas ao final dos 5 anos, 2,5 puntos.

e) Explotación incluída nalgún sistema de produción de calidade diferenciada agroalimentaria, 2 puntos.

f) Explotacións en que a ceba dos animais se realice na propia explotación ou no caso de ovinos e caprino en centros de tipificación da asociación de produtores, nunha porcentaxe igual ou superior ao 50 por cento, 2 puntos.

g) Explotacións en que, polo menos, o 50% dos reprodutores da explotación se atopen inscritos no libro xenealóxico correspondente das razas Rubia Galega, Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá, Vianesa, Ovella Galega, Cabra Galega, Cabalo Pura Raza Galega, Galiña de Mos, 2 puntos.

h) Posuír a condición de agricultor novo, 1,5 puntos.

i) Posuír a condición de agricultor a título principal, 1 punto.

j) Que todos os animais reprodutores da explotación participen nun programa de conservación ou mellora da raza autóctona oficialmente aprobado, 1 punto.

k) Explotacións gandeiras adheridas a unha agrupación de produtores, 1 punto.

l) Explotacións incluídas en zonas desfavorecidas, segundo o Regulamento (CE) do Consello 1257/1999, do 17 de maio de 1999, sobre a axuda ao desenvolvemento rural a cargo do Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola (Feoga) e polo que se modifican e derrogan determinados regulamentos, 1 punto.

m) Que o titular ou cotitular da explotación sexa muller, ou, se é unha explotación asociativa ou societaria, cando polo menos o 50 por cento dos socios que a integran sexan mulleres, 1 punto.

2. En virtude do artigo 3º.6 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexis-

tro xeral de explotacións gandeiras, o órgano xestor obterá de forma directa a información referida á carga gandeira a través da consulta para o efecto, do rexistro de explotacións dos órganos competentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 10º.-*Tramitación e resolución.*

1. O órgano instrutor do procedemento será a Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria.

2. Así mesmo, o requirimento de emenda farase se das certificacións obtidas de conformidade co artigo 8.1 resulta que o solicitante non está ao día do pagamento das súas obrigas tributarias e sociais co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.

3. O requirimento de emenda de erros da solicitude, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva, e de conformidade co establecido nos artigos 59.6º b), 60 e 61 da indicada Lei 30/1992, farase mediante publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará no taboleiro de anuncios e na páxina web da Consellería do Medio Rural ao cal se remitirá desde o texto publicado no *Diario Oficial de Galicia*. Se a instrución do procedemento o aconsellase, o órgano competente poderá substituír esta publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na web, pola notificación individualizada de conformidade co establecido no artigo 59 da Lei 30/1992.

4. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderáselle requirir ao solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

5. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, a súa baremación, segundo os criterios do artigo 9, efectuaraa un órgano colexiado constituído para o efecto, formado por: presidente: o subdirector/a xeral de Gandaría; vogal: o/a xefe/a de Servizo de Planificación Gandeira, e secretario o/a xefe/a de servizo de Producións Gandeiras, que emitirá o informe correspondente.

6. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, poráselles de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que coiden pertinentes de acordo co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no artigo 21.4º.

7. Porén, poderase prescindir do trámite a que se refire o punto anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado Neste caso, a proposta de resolución formulada terá o carácter de definitiva.

8. A Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria formulará a proposta de

resolución, con carácter definitivo, que será elevada ao conselleiro do Medio Rural, órgano competente para a súa resolución.

9. O conselleiro, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, o solicitante ou a relación de solicitantes a que se lles concede a subvención, a actuación que se subvenciona e o seu custo, así como a subvención concedida e a súa contía ou, de ser o caso, a desestimación do resto das solicitudes e a causa de denegación.

10. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de nove meses, contados a partir do seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorrese o prazo máximo para resolver sen que recaese resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

11. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

De conformidade co establecido no artigo 59.6º b) da indicada lei, a notificación realizarase mediante a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, no taboleiro de anuncios e na páxina web da Consellería do Medio Rural. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada, así como a indicación das causas da desestimación e expresarán, ademais, os recursos que contra a resolución procedan, órgano administrativo ou xudicial ante o que deben presentarse e prazo para interpoñelos.

12. As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución.

Artigo 11º.-*Seguimento e control da concorrencia e acumulación de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.*

1. Xunto coa solicitude inicial, os peticionarios das axudas presentarán unha declaración de conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para o mesmo proxecto, das distintas administracións ou entes públicos, así como doutros ingresos ou recursos

que financien as actividades subvencionadas, segundo o modelo do anexo III desta orde.

2. No momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, o beneficiario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como doutros ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

#### Artigo 12º.-*Control da execución dos programas.*

1. A Consellería do Medio Rural poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións.

2. Alén do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas así como, se é o caso, aos dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

#### Artigo 13º.-*Modificación das axudas, incumprimento e reintegro da axuda.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Así mesmo, a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Se o beneficiario incumprise os requisitos exixidos para a concesión da subvención, con independencia doutras responsabilidades en que puidese incurrir, perderá o dereito á subvención concedida, coa obriga de devolución, se esta se aboou, do importe percibido incrementado co interese de demora legalmente establecido, desde o momento do seu aboamento.

3. O interesado ten a obriga do reintegro, total ou parcial, da subvención ou axuda pública percibida xunto cos xuros de demora desde o seu pagamento nos supostos de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e nos casos establecidos no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Así mesmo o incumprimento da lexislación básica en materia de ambiente, sanidade, benestar, alimentación ou identificación animal durante os 5 anos comprometidos, dará lugar á perda do dereito á axuda, coa obriga de devolución do importe íntegro

percibido incrementado cos xuros de demora desde o seu pagamento.

#### Artigo 14º.-*Publicidade.*

No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario do programa e crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Igualmente, farase na páxina web oficial da Consellería do Medio Rural nos termos previstos no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Malia o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a tres mil euros (3.000 €), non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Consellería do Medio Rural.

#### Artigo 15º.-*Xustificacións de cumprimento.*

O pagamento das axudas realizarase coa xustificación previa por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que foron concedidas, e da aplicación dos fondos percibidos, mediante a presentación da documentación acreditativa do cumprimento do compromiso adquirido, antes do 15 de novembro, preferentemente no rexistro da consellería, das súas delegacións provinciais ou nas oficinas agrarias comarcais. Así mesmo, poderán presentarse nos rexistros de calquera órgano administrativo que pertenza á Administración xeral do Estado, á de calquera Administración das comunidades autónomas ou a algunha das entidades que integran a Administración local se, neste último caso, se subscribiu o oportuno convenio ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Artigo 16º.-*Infraccións e sancións.*

Aos/ás beneficiarios/as das axudas reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto nos artigos 52 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e a súa normativa de desenvolvemento.

#### Artigo 17º.-*Financiamento.*

As axudas que deriven da aplicación desta orde proceden dos orzamentos xerais do Estado, e financiaranse con cargo á seguinte aplicación orzamentaria dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, 11.03.713-C.781.2 dotada para esta finalidade con 20.000 euros.

Este financiamento verase incrementado coa dotación dos fondos provenientes dos orzamentos xerais do Estado.

A concesión da axuda estará sometida á condición suspensiva da existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución.

#### *Disposicións adicionais*

Primeira.-En todas aquelas cuestións non previstas nesta orde será de aplicación o disposto no Real decreto 1724/2007, do 21 de decembro, polo que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento de sistemas de produción de razas gandeiras autóctonas en réximes extensivos e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, sen prexuízo da aplicación das normas de organización e procedemento dispostas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segunda.-De conformidade co artigo 9.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, o pagamento das axudas reguladas nesta orde quedará condicionado á decisión positiva da Comisión Europea de acordo co establecido no artigo 88.3 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o director xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria para ditar as normas necesarias para o mellor cumprimento e aplicación desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2008.

Alfredo Suárez Canal  
Conselleiro do Medio Rural

### **ANEXO I**

#### **Requisitos exixibles ás explotacións gandeiras para o fomento de determinados sistemas de produción gandeira**

A. Requisitos xerais mínimos exixibles ás explotacións gandeiras para as que se soliciten axudas.

1. As explotacións estarán rexistradas no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (Rega), con toda a información prevista no Real decreto 479/2004 e a súa clasificación debe ser de produción e reprodución.

2. O sistema de produción deberá estar vinculado á existencia e uso gandeiro dunha base territorial suficiente.

3. A explotación deberá dispor e aplicar un programa hixiénico-sanitario supervisado polo veterinario responsable. No caso de atoparse a explotación no ámbito territorial dunha agrupación de defensa sanitaria gandeira recoñecida oficialmente e non pertencer a ela, deberá aplicar polo menos o programa sanitario desta.

4. A explotación deberá contar cun programa de alimentación baseado nos recursos naturais.

5. Os beneficiarios deberán asistir a cursos específicos de formación. No entanto, estarán exceptuados os que posúan unha titulación académica en materia agrícola ou gandeira.

6. A actividade gandeira tenderá á conservación do medio natural, con especial atención á xestión de residuos e de subprodutos, ao consumo de auga e á xestión do uso eficiente da enerxía.

7. Ademais, a actividade da explotación gandeira deberá garantir:

a) Xestión racional dos medios de produción.

b) Conservación de elementos propios da zona e en consonancia co medio natural.

B. Requisitos mínimos exixibles ás explotacións de gando bovino, ovino e caprino

1. A carga gandeira da explotación deberá ser como máximo de 1,5 unidades de gando maior (UGM) por hectárea. Utilizarase a seguinte táboa de conversión:

a) Vacúns machos e femias de máis de 24 meses: 1 UGM.

b) Vacúns machos e femias entre 6 e 24 meses: 0,6 UGM.

c) Vacúns machos e femias ata 6 meses: 0,2 UGM.

d) Ovinos: 0,15 UGM.

e) Caprinos: 0,15 UGM.

2. Polo menos un 10 por cento dos reprodutores deberán estar inscritos en libros xenealóxicos, xestionados por unha entidade oficialmente recoñecida, ou na súa falta recoñecidos e certificados expresamente pola devandita entidade como pertencentes ao patrón racial, co compromiso de chegar ao 40 por cento ao finalizaren os cinco anos.

3. Como mínimo un 60 por cento dos animais de reposición procederán da propia explotación, excepto no caso que se trate de reposición con animais de razas autóctonas inscritos en libros xenealóxicos. No entanto, este requisito non será tal cando por motivos veterinarios se produza un baleirado sanitario ou, por desastres naturais recoñecidos polas autoridades competentes, a reposición sexa obrigatoriamente externa.

4. Na especie bovina, excepto naquelas producións de calidade diferenciada en que se atope establecido legalmente outro requisito, deberase cumprir ademais que:

a) A idade mínima das xovencas para o seu primeiro parto deberá ser de 24 meses.

b) A venda dos animais non poderá realizarse antes dos 5 meses de idade tras o período de lactación materna.

5. Nas especies ovina e caprina, excepto naquelas producións de calidade diferenciada en que se atope establecido legalmente outro requisito, deberase cumprir ademais que:

a) A idade mínima das cordeiras para o seu primeiro parto deberá ser de 12 meses.

b) A venda dos animais non poderá realizarse antes de 2 meses de idade tras o período de lactación materna, agás se vai destinado ao sacrificio.

C. Requisitos mínimos exixibles ás explotacións de gando porcino

1. A carga gandeira da explotación deberá ser como máximo de 1,5 unidades de gando maior (UGM) por hectárea e, no seu caso, durante os períodos de montañeira, a carga gandeira correspondente a gando porcino será igual ou inferior a 0,5 UGM por hectárea. Utilizarase a seguinte táboa de conversión:

a) Porca en ciclo pechado, incluíndo as súas crías ata o fin da ceba: 1 UGM.

b) Porca con leitóns (de 0 a 6 kg) ata o destete: 0,25 UGM.

c) Porca con leitóns ata 20 kg: 0,30 UGM.

d) Porca con reposición: 0,14 UGM.

e) Leitóns de 6 a 20 kg: 0,02 UGM.

f) Porco de 20 a 50 kg: 0,10 UGM.

g) Porco de 50 a 150 kg: 0,16 UGM.

h) Verróns: 0,30 UGM.

2. Polo menos un 20 por cento dos reprodutores deberán estar inscritos en libros xenealóxicos xestionados por unha entidade oficialmente recoñecida ou, na súa falta, recoñecidos e certificados expresamente pola devandita entidade como pertencentes ao patrón racial, co compromiso de chegar ao 40 por cento ao finalizar os cinco anos.

3. Polo menos un 50 por cento dos animais nados na explotación, que non vaian ser destinados á reposición ou venda como reprodutores, deberán ser cebados na propia explotación.

D. Requisitos mínimos exixibles ás explotacións de gando equino.

1. A carga gandeira da explotación deberá ser como máximo de 1,5 unidades de gando maior (UGM) por hectárea. Utilizarase a seguinte conversión:

a) Équidos maiores de 6 meses, 1 UGM.

b) Équidos menores de 6 meses 0,2 UGM.

2. Polo menos un 10 por cento dos reprodutores deberán estar inscritos en libros xenealóxicos, xestionados por unha entidade oficialmente recoñecida ou, na súa falta, recoñecidos e certificados expresamente pola devandita entidade como pertencentes ao patrón racial, co compromiso de chegar ao 20 por cento ao finalizaren os cinco anos.

3. Como mínimo un 60 por cento dos animais destinados á reposición anual como futuros reprodutores procederán da propia explotación, excepto no caso de que se trate de reposición con animais de razas autóctonas inscritos en libros xenealóxicos. No entanto, este requisito non será tal cando por motivos veterinarios se produza un baleirado sanitario ou, por desastres naturais recoñecidos polas autoridades competentes, a reposición sexa obrigatoriamente externa.

4. A idade mínima das eguas para o seu primeiro parto deberá ser de 36 meses.

5. A venda dos animais non poderá realizarse antes dos 6 meses tras o período de lactación materna.

E. Requisitos exixibles ás explotacións avícolas de carne.

1. A densidade de produción será sempre inferior a 25 kg de peso vivo/m<sup>2</sup> no caso das galiñas (polos).

2. A explotación estará clasificada por:

a) Criterios zootécnicos: polo menos como de multiplicación e de produción, segundo o disposto no artigo 3.1 d do Real decreto 1084/2005, do 16 de setembro, de ordenación da avicultura de carne.

b) Criterios de sustentabilidade: a súa forma de cría será unha das establecidas nos puntos 3.a) e 4 do artigo 3 do Real decreto 1084/2005, do 16 de setembro, de ordenación da avicultura de carne.

3. Polo menos o 10 por cento dos reprodutores da explotación inscritos en libros xenealóxicos xestionados por unha entidade oficialmente recoñecida ou, na súa falta, recoñecidos e certificados expresamente pola devandita asociación como pertencentes ao patrón racial, co compromiso de chegar ao 20 por cento ao finalizaren os cinco anos.

4. A idade mínima de sacrificio dos animais será de 56 días, no caso de galiñas (polos).

F. Requisitos exixibles ás explotacións avícolas de posta

1. A densidade de produción será sempre inferior a 9 galiñas poñedoras/m<sup>2</sup> de superficie utilizable. Para a avaliación da carga gandeira presente na explotación, utilizarase a correspondencia de que unha galiña reprodutora equivale a 0,01 UGM.

2. A explotación estará clasificada por:

a) Criterios zootécnicos: estará rexistrada como forma de cría campeira, cría en solo ou produción ecolóxica segundo o establecido no Real decreto 372/2003, do 28 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de establecementos de galiñas poñedoras.

b) Criterios de sustentabilidade: no caso de cría campeira de galiñas disporán de acceso ao aire libre durante todo o día salvo que existan restricións veterinarias temporais por motivos de sanidade animal, cunha densidade máxima de 2.500 galiñas por hectárea de terreo. No caso da produción ecolóxica os mínimos serán os establecidos no Regulamento (CEE) nº 2092/91 do Consello sobre a produción agrícola ecolóxica.

3. Polo menos o 10 por cento dos reprodutores da explotación inscritos en libros xenealóxicos xestionados por unha entidade oficialmente recoñecida ou, na súa falta, recoñecidos e certificados expresamente pola devandita entidade como pertencentes ao patrón racial, co compromiso de chegar ao 20 por cento ao finalizar os cinco anos.





ANEXO II



|  |   |                                |
|--|---|--------------------------------|
| PROCEDEMENTO<br><b>AXUDAS PARA O FOMENTO DE SISTEMAS DE PRODUCCIÓN DE RAZAS AUTÓCTONAS EN RÉXIMES EXTENSIVOS</b> | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO<br><b>MR536B</b> | DOCUMENTO<br><b>SOLICITUDE</b> |
|--|---|--------------------------------|

DATOS DO/A SOLICITANTE

|                                       |                                  |                              |  |                                  |
|---------------------------------------|----------------------------------|------------------------------|--|----------------------------------|
| APELIDOS<br><input type="text"/>      |                                  | NOME<br><input type="text"/> |  | NIF<br><input type="text"/>      |
| ENDEREZO<br><input type="text"/>      |                                  |                              | PROVINCIA<br><input type="text"/>            | CONCELLO<br><input type="text"/> |
| CÓDIGO POSTAL<br><input type="text"/> | TELÉFONO<br><input type="text"/> | FAX<br><input type="text"/>  | ENDEREZO ELECTRÓNICO<br><input type="text"/> |                                  |

E, na súa representación:

|                                       |                                  |                              |  |                                  |
|---------------------------------------|----------------------------------|------------------------------|--|----------------------------------|
| APELIDOS<br><input type="text"/>      |                                  | NOME<br><input type="text"/> |  | NIF<br><input type="text"/>      |
| ENDEREZO<br><input type="text"/>      |                                  |                              | PROVINCIA<br><input type="text"/>            | CONCELLO<br><input type="text"/> |
| CÓDIGO POSTAL<br><input type="text"/> | TELÉFONO<br><input type="text"/> | FAX<br><input type="text"/>  | ENDEREZO ELECTRÓNICO<br><input type="text"/> |                                  |

DATOS BANCARIOS

|   |  |  |   |  |
|---|--|--|---|--|
| BANCO<br><input type="text"/>           |  | OFICINA<br><input type="text"/>            |   |  |
| CÓDIGO DO BANCO<br><input type="text"/> | CÓDIGO DA SUCURSAL<br><input type="text"/> | DÍXITOS DE CONTROL<br><input type="text"/> | CÓDIGO DA CONTA<br><input type="text"/> |  |

|  |
|--|
| RAZA DOS ANIMAIS<br><input type="text"/> |
|--|

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

|   |
|---|
| <input type="checkbox"/> FOTOCOPIA COTEXADA DO NÚMERO OU DO CÓDIGO DE IDENTIFICACIÓN FISCAL<br><input type="checkbox"/> ACREDITACIÓN DA PERSONALIDADE XURÍDICA DA ENTIDADE SOLICITANTE E COPIA COTEXADA DOS ESTATUTOS DA ENTIDADE SOLICITANTE, SE É O CASO<br><input type="checkbox"/> ACREDITACIÓN DA REPRESENTATIVIDADE DO SOLICITANTE, SE É O CASO<br><input type="checkbox"/> CERTIFICADO ORIXINAL DA ENTIDADE FINANCEIRA SOBRE A TITULARIDADE DA CONTA EN QUE SE SOLICITA O INGRESO DO IMPORTE DA AXUDA<br><input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DE AXUDAS E COMPROMISO DE CUMPRIMENTO, CONFORME O ANEXO III<br><input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN DA ASOCIACIÓN DO LIBRO XENEALÓXICO DA RAZA AUTÓCTONA CORRESPONDENTE<br><input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DE SUPERFICIE DA CAMPAÑA PAC 2008-2009<br><input type="checkbox"/> MEMORIA DESCRIPTIVA DA EXPLOTACIÓN ASÍ COMO CALQUERA OUTRA INFORMACIÓN QUE ACREDITE OS CRITERIOS DE VALORACIÓN REFERIDOS NO ARTIGO 9º, INCLUÍDOS OS RECURSOS HUMANOS DA EXPLOTACIÓN MEDIANTE A VALORIZACIÓN EN UTH<br><input type="checkbox"/> PROGRAMA DE XESTIÓN DA EXPLOTACIÓN |
|---|

O/A que asina abaixo, expón que autoriza á Consellería do Medio Rural, á obtención de forma directa da acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, a través de certificados telemáticos, así como segundo o Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia a dar publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro.

O/A que abaixo asina, en representación da entidade solicitante, declara que ten coñecemento da normativa reguladora desta axuda e dos compromisos que asume, polo tanto solicita que lle sexa concedida a axuda establecida na Orde do \_\_\_\_\_ da Consellería do Medio Rural, pola que se establecen axudas para o fomento de sistemas de produción das razas autóctonas galegas en réximes en extensivo.

|   |  |   |
|---|--|---|
| LEXISLACIÓN APLICABLE<br><br><i>Orde do 18 de abril de 2008 pola que se establecen as bases que regulan a concesión das axudas destinadas ao fomento en Galicia de sistemas de produción das razas gandeiras autóctonas en réximes extensivos, e se convocan para 2008.</i> | (Para cubrir pola Administración)<br>RECIBIDO<br><input type="text"/><br><br>REVISADO E CONFORME<br><input type="text"/> | NÚMERO DE EXPEDIENTE<br><input type="text"/>  |
| SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA<br><br>_____, de _____ de _____<br><br>Conselleiro do Medio Rural  |  | DATA DE ENTRADA<br>____/____/____<br><br>DATA DE EFECTOS<br>____/____/____<br><br>DATA DE SAÍDA<br>____/____/____ |

## ANEXO III

## DECLARACIÓN DE AXUDAS E COMPROMISO DE CUMPRIMENTO

|  |                             |
|--|-----------------------------|
| DON/DONA<br><input type="text"/>                                   | DNI<br><input type="text"/> |
| EN NOME PROPIO / REPRESENTANTE DA ENTIDADE<br><input type="text"/> | CIF<br><input type="text"/> |
| CON ENDEREZO SOCIAL EN<br><input type="text"/>                     |                             |

DECLARO,

Que non solicitei e non se me concederon axudas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como non existir outros ingresos ou recursos que financien o proxecto.

Que solicitei e se me concederon axudas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como outros ingresos ou recursos que financien o proxecto:

O meu cumprimento das condicións requiridas nesta orde e o meu compromiso a mantelas, durante os próximos 5 anos.

E para que así conste, para os efectos oportunos, asino esta declaración:

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo.:

## CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

*Resolución do 19 de decembro de 2007, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se incoa o expediente de delimitación do tramo da ruta principal do Camiño de Santiago, Camiño Francés, entre o aeroporto da Lavacolla e o Monte do Gozo, no concello de Santiago de Compostela.*

A Lei de protección dos camiños de Santiago 3/1996, do 10 de maio, especifica no seu artigo 1.3º o carácter de ben de interese cultural do Camiño Francés, segundo a delimitación do seu territorio histórico recollido na Resolución do 12 de novembro de 1992 e como tal seralle de aplicación a lexislación autonómica na materia de conformidade co establecido no artigo 4 da lei.

En virtude do sinalado na disposición transitoria primeira da dita lei, a delimitación establecida pola resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental do 12 de novembro de 1992 (*Diario Oficial de Galicia* nº 246, do 18 de decembro) permanece vixente mentres non se aprrobe o expediente de delimi-

tación do Camiño e sen prexuízo das zonas de protección establecidas por esta lei. O devandito expediente de delimitación desenvolverase segundo o procedemento establecido nos artigos 5 e 6 da Lei 3/1996.

Visto o parecer expresado polo Comité Asesor do Camiño de Santiago no seu informe do 18 de setembro de 2007, segundo o cal a protección efectiva dos camiños só é posible mantendo a un tempo a súa relación harmónica coa paisaxe e a autenticidade e integridade dos elementos que os conforman, os físicos e os intanxibles dos que é parte fundamental a interrelación coa paisaxe cultural.

Vista a Resolución do 29 de outubro de 2007, desta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se incoa o expediente de delimitación do tramo da ruta principal do Camiño de Santiago, Camiño Francés, entre o lugar do Amenal e o límite do aeroporto da Lavacolla no concello do Pino, en que a construción das instalacións aeroportuarias na década dos 40 do pasado século, supuxo a desaparición da traza histórica, cómpre, máis alá da súa identificación documental e recoñecemento, a recuperación da continuidade do Camiño, desenvolvendo idéntico procedemento no termo municipal de Santiago de